

Creatividade e pensamento innovador. Xeración de ideas innovadoras

Creatividade e pensamento innovador. Xeración de ideas innovadoras (Nivel I. Segundo Curso 2012)

Con respecto á creatividade adoita haber confusión respecto á súa natureza, pois considérase erróneamente unha cualidade innata e privativa dalgúns individuos, cando en realidade é unha habilidade/competencia que calquera pode aprender, desenvolver e potenciar cunha práctica continuada. A creatividade é, a súa vez, a base do pensamento innovador, polo que resulta crucial nas primeiras fases do proceso de innovación.

-

Modalidade: Semipresencial, a través da Plataforma web combinada con talleres presenciais. Para completar a formación celebrárase tamén un seminario á finalización dos cursos de Nivel 1.

-

Duración: 50 horas

-

O período de teleformación vai dende o 28 de maio a 20 de Xullo de 2012.

Os talleres presenciais, que se realizarán en Vigo, constarán de dúas sesións os días 06 e 13 de Xullo de 2012, en horario de 09:30 a 13:30 horas. A poñente deste talleres será Trinidad Domínguez, Doutora e Investigadora da Universidade de Vigo, con ampla experiencia en organización de talleres de creatividade para o fomento da innovación.

O seminario do Nivel I, que se realizará en Santiago de Compostela o 20 de Xullo en horario de 10:00 a 12:00 horas, leva por título " A estratexia de innovar" e terá como poñente a Juan José Goñi, Director de Desenvolvemento de persoas de TECNALIA, primeiro centro de investigación aplicada español e quinto de Europa.

Resumo dos contidos:

-

Concepto de creatividade e mitos ao seu redor, barreiras que ésta atopa nos individuos e na organización, aprendendo a ser creativo, divulgación de ferramentas de estímulo da creatividade e o pensamento innovador (6 sombreiros para pensar, relacións forzadas, analoxías, SCAMPER, mapas mentais, brainstorming, brainwriting, TRIZ ...).

Obxetivos:

- Potenciar o pensamento creativo e innovador nas organizacións como base para fomentar a innovación.

- Derrubar os falsos mitos sobre a creatividade.
- Dar a coñecer ás barreiras que limitan á creatividade. Amosar o uso, utilidade e aplicación das diferentes ferramentas para potenciación da creatividade.

Dirixido a:

- Persoas e organizacións interesadas en estimular as súas habilidades creativas.
- Organizacións que desexen potenciar o xurdimento de ideas creativas no seu seo.
- Organizacións que queiran fomentar no seu seo a apertura ás novas ideas e vencer a resistencia ao cambio.
- Profesionais interesados na formación continua.

Data límite de inscrición: 11 de Maio de 2012

Prezo: 510€;

Este curso pode ser financiado a través do sistema de bonificacións da Fundación Tripartita para a Formación no Emprego (FTFE) - Orde Ministerial 2307/2007.

O Boletín de inscrición debe enviarse a secretaria@loxisga.org